


Visita a Ourense

O día 26 de marzo, o alumnado de Humanidades de 4º A, conxuntamente co alumnado de Cultura Clásica de 3º (máis o resto de alumnos de 3º; pobriños, non os iamos deixar no instituto!!!) fixemos unha excursión a Ourense para ver a obra de teatro clásico “As Bacantes”, unha interesante traxedia de Eurípides representada polo grupo de teatro universitario Noite Bohemia no Auditorio Municipal da cidade.

Como chegamos con moita antelación, puidemos visitar o cemiterio de San Francisco, onde están soterrados Eduardo Blanco-Amor, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Miguel Angel Valente, entre outros. Aínda que a algúns lles deu moito “yuyu” entrar nun cemiterio, tivemos que recoñecer a beleza dalgúns dos mausoleos, nos que tivemos ocasión de practicar o noso latín, e o encanto de pasear nun sitio con tanta historia como este. De feito, como curiosidade, atópanse alí os restos da primeira vítima recoñecida de violencia de xénero en España (Asunción González, morta en 1891), cunha lápida que reza: “Pobre Asunción - Viernes Santo del 91”.



Antes de entrar no Auditorio Municipal puidemos visitar o mosteiro de San Francisco. Demos unha volta ó seu impresionante claustro, restaurado recentemente, e saímos rapidamente, porque tiñamos que presentarnos no teatro con tempo.



A función teatral estivo moi ben, e todo o mundo disfrutou coa historia de Dioniso (Baco) e a súa terrible vinganza na cidade de Tebas. Os actores e actrices eran xente nova, a ambientación, vestiario, coreografías e música foron moi boas ... e Carla pudo falar brevemente coa súa curmá, que era unha das actrices!!!



Ao saír, fomos comer os nosos bocatas á Alameda. Marta, que ía con muletas, tivo que facer un esforzo extra para ir dende o Auditorio ata o centro de Ourense, aínda que foi axudada por uns “transportistas” de moita categoría que a levaron ás costas cando había que baixar escaleiras.

Despois de coller forzas, dimos unha pequena volta polo casco vello de Ourense, pasando polas Burgas (onde coñecemos o nome da primeira ourensá, chamada Calpurnia), a catedral e a Praza Maior, onde tomamos uns refrescantes batidos e smoothies nos seus soportais.

Para rematar, subimos ó autobús para dirixirnos ás termas de Outariz, unhas pozas de auga quente á beira do río Miño, onde nos bañamos (excepto os aburridos dos profes) e tomamos o sol. Cando tivemos que marchar, os profes case nos teñen que sacar á forza porque se estaba tan ben ... Non queriamos irnos dalí!!



Unha vez duchados e relaxados todos, só nos quedaba subir ao bus para voltar a casa. Foi un día fantástico!!!

